

## O QUE PASABA EN 1979

## NO MUNDO:



Estados Unidos e China acordan establecer relacións diplomáticas.

O sha de Persia é derrocado e asume o poder o ayatollah Ruollah Jomeini.

Os antigos capitalistas chineses recuperan os bens que lles foron confiscados durante a revolución cultural.


Tropas de Tanzania axudan á oposición ugandesa a derrocar a Idi Amín Dada.

Margaret Thatcher convértese na primeira muller que desempeña o cargo de primeiro ministro de Gran Bretaña.

O Frente Sandinista de Liberación Nacional asume o poder en Nicaragua despois de derrocar a Anastasio Somoza.

Tropas soviéticas invaden Afganistán.

## EN GALICIA:



Real Decreto de Bilingüismo polo que o galego se incorpora ao ensino.

Anteproxecto do Estatuto de Autonomía. Son 16 os persoeiros que participan na súa elaboración

II Eleccións xerais e primeiras municipais.

Quiroga Suárez Presidente da Xunta.

Intensificación da edición de libros para o ensino en galego

Estrea de Circos de Xabier Villaverde.

Seminario de Estudos Galegos 2ª época.

Manifesto "Fóra as vosas suxas mans" de Manuel Antonio.

O día das letras adicáse a Manuel Antonio.

## EN ESPAÑA:




Primeiras eleccións municipais. Os socialistas co apoio dos comunistas, acadan varios dos axuntamentos máis importantes do país.

Os cidadáns vascos e cataláns refrendan os seus estatutos de autonomía.

Legalízase a masonería en España.

Os Estados Unidos comezan a retirada do seu armamento nuclear de España.

EN ELVIÑA:  
Curso 79-80

moitos profesores con destino

ctiva;

nimento Escalona, Xefe de  
: Lata e Vicesecretario: Andrés

do Centro ascende a 4.200.000  
pts.

Un grupo de alumnos, baixo a dirección do profesor de debuxo D. Ignacio Pardo, pintan sobre unha parede do soto o Guernica de Picasso, manifestando así o desexo do seu traslado a España.

Dª María Luisa Sobrino Manzanares imparte, con este motivo, unha conferencia sobre o Guernica de Picasso.

